



Guía Docente				
Datos Identificativos				2023/24
Asignatura (*)	Resolución de Conflictos da Empresa	Código	612943307	
Titulación	Mestrado Universitario en Asesoramento Xurídico Empresarial(plan 2016)			
Descritores				
Ciclo	Período	Curso	Tipo	Créditos
Mestrado Oficial	1º cuatrimestre	Primeiro	Obrigatoria	6
Idioma	CastelánGalego			
Modalidade docente	Presencial			
Prerrequisitos				
Departamento	Dereito PrivadoDereito Público			
Coordinación		Correo electrónico		
Profesorado		Correo electrónico		
Web	www.dereito.udc.es/gl/maxe			
Descrición xeral	<p>Neste módulo tratarase de ofrecer ao alumnado unha visión dos diferentes xeitos de resolución dos conflitos xurídicos susceptibles de xurdir na práctica xurídico-empresarial. Os mecanismos de resolución de conflitos pódense clasificar en xurisdiccionais e extraxurisdiccionais. En canto aos primeiros, ofrecerase unha visión dos procesos civís máis específicos da actividade empresarial, así como dos procesos laborais máis salientábeis. Farase especial incidencia tamén na resolución dos conflitos fóra do ámbito xudicial, os chamados métodos alternativos de resolución de conflitos, que veñen cobrando cada vez maior auge, ao se presentaren como métodos eficientes de solución das controversias xurídicas, diante da endémica lentitude da xustiza estatal. Por último, parte da docencia ocuparase da resolución da crise empresarial a través dos mecanismos concursais e para-concursais.</p> <p>Procurarase que o estudantado adquira unha visión xeral da materia que o capacite para acudir aos instrumentos procesuais ou extra-procesuais máis axeitados segundo o caso concreto, así como un coñecemento específico das institucións máis comúns na actividade empresarial. Estes obxectivos tentarase cubrir dende a dupla perspectiva teórico/práctica, de xeito que, en primeiro lugar, se afiancen e amplíen os coñecementos que o estudantado ten xa adquirido no grao para que, en segundo lugar, desenvolva as competencias necesarias para aplicar os coñecementos teóricos ao caso concreto, a través dos talleres e prácticas a realizar.</p>			

Competencias do título	
Código	Competencias do título
A1	Coñecer o conxunto normativo aplicable, legislativo e xurisprudencial, e a doutrina aplicables ao mundo da empresa
A2	Identificar, saber interpretar e facer fronte ás diferentes problemáticas xurídico-económicas que afecten á empresa
A3	Coñecer, manexar, elaborar e interpretar os principais documentos de tipo xurídico-económico relacionados co mundo empresarial.
A5	Elaborar, comunicar e defender con soltura textos xurídicos, como dictames e informes, memorias ou traballos de investigación
B1	Capacidade para planificar e levar a cabo tarefas xurídicas complexas de modo autónomo
B2	Capacidade para coordinar e desenvolver tarefas de asesoramento técnico (xurídico/xurídico empresarial) no seo dun grupo de traballo
B3	Capacidade para estruturar ordenadamente os feitos e as disposicións xurídicas relevantes dun caso
B4	Capacidade para identificar cuestións xurídicas relevantes partindo dun conxunto complexo de feitos non estruturado xurídicamente
B5	Capacidade para identificar e aplicar todas as fontes xurídicas relevantes nunha cuestión concreta
B6	Habilidade/Capacidade para a toma de decisións
B7	Capacidade para encontrar solucións novas ou imaxinativas no plantexamento dun problema
B8	Capacidade para analizar os problemas xurídicos dende unha pluralidade de enfoques e elixir o máis idóneo no caso concreto.
B9	Capacidade para expoñer o coñecemento cun dominio axeitado das habilidades orais e escritas propias do asesoramento xurídico(-empresarial)
B10	Capacidade para estruturar e redactar con fluidez textos xurídicos elaborados, empregando a terminoloxía técnica apropiada.
B11	Capacidade para estruturar os argumentos e transmitilos oralmente con competencia técnica e habilidade oratoria
B12	Capacidade para ler e interpretar traballos complexos relacionados co ámbito xurídico
B13	Capacidade para sintetizar os argumentos xurídicos de forma precisa
B14	Capacidade para traballar en equipos interdisciplinares como experto en dereito e contribuir efectivamente ás súas tarefas



B15	Capacidade para asesorar sobre as posibles resolucións dun caso
C1	Expresarse correctamente, tanto de forma oral coma escrita, nas linguas oficiais da comunidade autónoma
C3	Utilizar as ferramentas básicas das tecnoloxías da información e as comunicacións (TIC) necesarias para o exercicio da súa profesión e para a aprendizaxe ao longo da súa vida.
C4	Desenvolverse para o exercicio dunha cidadanía aberta, culta, crítica, comprometida, democrática e solidaria, capaz de analizar a realidade, diagnosticar problemas, formular e implantar solucións baseadas no coñecemento e orientadas ao ben común
C5	Entender a importancia da cultura emprendedora e coñecer os medios ao alcance das persoas emprendedoras
C6	Valorar criticamente o coñecemento, a tecnoloxía e a información dispoñible para resolver os problemas cos que deben enfrontarse
C7	Asumir como profesional e cidadán a importancia da aprendizaxe ao longo da vida.
C8	Valorar a importancia que ten a investigación, a innovación e o desenvolvemento tecnolóxico no avance socioeconómico e cultural da sociedade.

Resultados da aprendizaxe			
Resultados de aprendizaxe		Competencias do título	
Coñecer os xeitos de resolución de conflitos típicos da actividade empresarial e elixir a súa aplicación nun suposto concreto da práctica xurídico-empresarial	AP1	BP1	CP1
	AP2	BP2	CP3
	AP3	BP3	CP4
	AP5	BP4	CP5
		BP5	CP6
		BP6	CP7
		BP7	CP8
		BP8	
		BP9	
		BP10	
		BP11	
		BP12	
		BP13	
		BP14	
		BP15	

Contidos	
Temas	Subtemas
A resolución de conflitos ante a xurisdicción estatal. Os procesos máis comúns na actividade empresarial	<ol style="list-style-type: none"> Aspectos xerais da práctica procesual civil na empresa e o proceso de execución. Tutela do crédito e reclamación de débedas. Os procesos societarios e os acordos estatutarios.
A resolución de conflitos no eido laboral	<ol style="list-style-type: none"> A conciliación previa no proceso laboral. O proceso laboral ordinario e modalidades procesuais. Medios de impugnación. A execución das sentencias. O proceso cautelar.
As ADR (Alternative Dispute Resolution).	<ol style="list-style-type: none"> A Arbitraje. Aspectos xerais. A arbitraje de consumo. A arbitraje internacional. A arbitraje administrativa. A mediación e a conciliación



A resolución da crise empresarial.	<ol style="list-style-type: none"> 1. Os remedios pre-concursais da crise empresarial. 2. O proceso concursal. Aspectos xerais. 3. Os efectos da declaración de concurso. 4. Determinación das masas activa e pasiva do concursos. 5. Os diferentes xeitos de conclusión do concurso.
------------------------------------	--

Planificación				
Metodoloxías / probas	Competencias	Horas presenciais	Horas non presenciais / traballo autónomo	Horas totais
Presentación oral	A5 B2 B3 B5 B9 B11 C1 C3 C4	10	10	20
Estudo de casos	A1 A2 A3 B1 B4 B12 B13 B15 C7	0	25	25
Solución de problemas	B6 B7 B8 B14 C5 C6	5	25	30
Seminario	B3 B9 B11 B13 C4 C5 C8	8	15	23
Sesión maxistral	A1 A2 A3 A5 B3 B4 B9 B15 C4 C8	16	0	16
Lecturas	A1 A3 B3 B4 B10 C1	0	30	30
Atención personalizada		6	0	6

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado

Metodoloxías	
Metodoloxías	Descrición
Presentación oral	Nas clases presenciais desenvolverase a explicación teórico-práctica dos aspectos máis relevantes ou novedosos da materia
Estudo de casos	Os profesores das diferentes sesións encargarán aos estudantes o estudo de casos ou o desenvolvemento de traballos para a adquisición das competencias propias da materia que formarán parte da avaliación do módulo
Solución de problemas	Algunhas das actividades a desenvolver suporán a resolución de problemas reais ou ficticios a través do traballo autónomo do estudante, individualmente ou en grupo. Estas actividades tamén serán avaliábeis.
Seminario	Celebráranse durante o tempo de impartición do módulo seminarios monográficos sobre temas especialmente relevantes ou de actualidade por profesorado externo ou convidado.
Sesión maxistral	Asistencia e participación activa nas clases
Lecturas	Debido ao carácter semipresencial do mestrado, parte da tarefa do estudantado será a realización das lecturas encomendadas polo profesorado e a realización das actividades asociadas a estas lecturas.

Atención personalizada	
Metodoloxías	Descrición
Lecturas Estudo de casos	<p>O profesorado axudará ao estudantado en sesións programadas ou solicitadas, ou por correo electrónico, para asistencia na realización das actividades de avaliación encargadas, así como relacionadas coa lectura ou resolución de casos.</p> <p>O coordinador do módulo será o encargado de calcular as cualificacións finais do curso á vista das cualificacións parciais proporcionadas polo persoal docente e tratará as reclamacións sobre esta nota final, así como as inquietudes do alumnado en relación co desenvolvemento xeral da asignatura.</p>

Avaliación			
Metodoloxías	Competencias	Descrición	Cualificación



Solución de problemas	B6 B7 B8 B14 C5 C6	Algunhas das actividades a desenvolver suporán a resolución de problemas reais ou ficticios a través do traballo autónomo do estudante, individualmente ou en grupo. Estas actividades tamén serán avaliábeis	40
Sesión maxistral	A1 A2 A3 A5 B3 B4 B9 B15 C4 C8	Asistencia a clase e participación activa nas sesión maxistrais	0
Lecturas	A1 A3 B3 B4 B10 C1	Debido ao carácter semipresencial do mestrado, parte da tarefa do estudiantado será a realización das lecturas encomendadas polo profesorado e a realización das actividades asociadas a estas lecturas.	10
Estudo de casos	A1 A2 A3 B1 B4 B12 B13 B15 C7	Os profesores das diferentes sesións encargarán aos estudantes o estudo de casos ou o desenvolvemento de traballos para a adquisición das competencias propias da materia que formarán parte da avaliación do módulo	50

Observacións avaliación

Dado que no curso 2021/2022 no haberá docencia presencial debido á extinción do título, para aquel alumnado que non teña superado a materia, a avaliación consistirá na proba obxectiva consistente na entrega de traballos relativos á resolución de problemas, que terá un valor do 100% tanto na primeira como na segunda oportunidade.

O plaxio ou en xeral a realización fraudulenta das probas ou actividades de avaliación, unha vez comprobada, implicará directamente a cualificación de suspenso "0" na materia na oportunidade correspondente.

Fontes de información

Bibliografía básica	
Bibliografía complementaria	<p>--AA.VV.: La impugnación de acuerdos sociales y del consejo de administración : actuación en nombre de otro, Madrid, 2007..Cachón Cadenas/Picó Junoy: Ejecución civil: problemas actuales, 2009..Domínguez Ruiz, Reclamación de deudas transfronterizas, 2013..Flores Prada, I.: El procedimiento de apremio en la ejecución civil, Valencia, 2005..García Quiñones, J.C.: La conciliación judicial en el proceso laboral, Valencia, 2007..AA.VV.: Los sistemas de solución extrajudicial de conflictos laborales: situación actual y perspectivas de futuro, Madrid, 2006..AA.VV.: El proceso laboral con toda la doctrina del TC, Valencia, 2005..Orellana Cano, A.: La ejecución laboral, Madrid, 2005.. Patricia Jiménez: Manual de Derecho del Trabajo y de la Seguridad Social, 2014..Fernández Rozas, J.C.: La nueva Ley de Arbitraje, Madrid, 2007..AA.VV.: Comentarios a la Ley de Arbitraje, Madrid, 2006..Florensa i Tomás, C.E.: El arbitraje de consumo. Una dimensión del arbitraje de Derecho Privado, Valencia, 2004..AA.VV.: Práctica arbitral de consumo : selección de laudos comentados de la Junta Arbitral de Consumo de Cantabria, Madrid, 2007..Ramos Méndez, F.: Arbitraje y litigios transfronterizos en un foro global, Barcelona, 2005..Bustillo Bolado, R.O.: Convenios y contratos administrativos transacción, arbitraje y terminación convencional del procedimiento, Navarra, 2004..AA.VV.: Mediación y solución de conflictos : habilidades para una necesidad emergente, Madrid, 2007..AA.VV.: Estudios de Derecho Concursal, Santiago de Compostela, 2005.. Díaz Martínez: El proceso concursal adaptado a las reformas adaptado a las reformas introducidas por la Ley 14/2013, de 27 de septiembre, el Real Decreto-ley 11/2014, de 5 de septiembre y la Ley 17/2014, de 30 de septiembre, 2014..Fernández del Pozo, L.: Posibilidad y contenido de un derecho preconcursal auditoría y prevención de la crisis empresarial : (art. 209.1.b. LSA), Madrid, 2001..Pulgar Ezquerro, J.: La declaración del concurso de acreedores, Madrid, 2005..Peiteado Mariscal, P.: La declaración de concurso, Madrid, 2005..Pérez del Blanco, G.: Efectos procesales de la declaración del concurso, Madrid, 2007..García-Cruces González, J.A.: La calificación del Concurso, Navarra, 2004</p>

Recomendacións

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Materias que se recomenda cursar simultaneamente



Materias que continúan o temario

Observacións

Dado que no curso 2021/2022 non haberá docencia presencial, para aquel alumnado que non teña superada a materia, recoméndase contactar cante antes coa coordinación do módulo e co profesorado responsable para coñecer as concretas actividades de avaliación a desenvolver e os prazos de entrega.
--

(*A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías
--